4 Acceso aos contidos: busca no mapa

eidolocal
Portal da Administración Local de Galicia



O acceso directo aos servizos poderá facerse tamén a través dun **mapa de servizos ("Servizos"-"Mapa de servizos") no que figura a lista completa dos servizos existentes no catálogo agrupados pola súa tipoloxía.**



Premendo na tipoloxía desexada despréganse os servizos correspondentes a esa categoría, permitindo unha navegación mais directa e intuitiva **(1).**

Premendo no servizo que se desexe **(2)** poderá accederse directamente a **ficha do mesmo (3).**



No mapa de servizos as tipoloxías empregadas son:

- Servizos de **comunicación:** son os proporcionados pola rede corporativa de comunicacións da Xunta de Galicia e os relacionados coas infraestructuras de telecomunicacións en xeral.
- Servizos relacionados cos **sistemas informáticos:** infraestructura hardware básica.
- Servizos **comúns ou básicos de eAdministración:** servizos básicos para a implantación da administración electrónica nunha administración pública.
- **Aplicacións e servizos finais:** son os que permiten a consulta ou a xestión directa do usuario coa Administración pública ou entre administracións.
- Servizos de **interoperabilidade:** son os que permiten a compartición dos datos entre sistemas de información de distintas administracións públicas.
- Finalmente están os servizos de **soporte técnico e asesoramento** ao usuario.